

ACTA DA SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DO CONCELLO DE FERROL

Procedemento	Procedemento aberto con regulación harmonizada/pluralidade de criterios/tramitación ordinaria	
Obxecto	SERVIZO DE REDACCIÓN DO PLAN DIRECTOR DE INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS DA CIDADE DO DEPORTE DE FERROL E DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE DESENVOLVEMENTO DE DITO PLAN DIRECTOR	
Número expediente	AVH 05004 24/17	Cívidas nº 2024002387
Lugar:	Sala de Comisións do Concello de Ferrol	
Data	18 de abril de 2024	
Hora de inicio	12:31:00	
Hora remate	12:36:00	
Asistentes sen voto	Dona M. ^a José González Novo, arquitecta municipal de Urbanismo; don Jorge J. Suárez Fernández, en representación do grupo municipal FEC e don Julián Reina Villalón, en representación do grupo municipal PSOE.	
Acto público	O día 16/04/2024 publicouse en PLACE anuncio de convocatoria pública de apertura de ofertas. Asistiron á sesión pública: • Un representante da licitadora PROYFE SL	

Presidente:

Don Javier Pastor Díaz Mosquera, concelleiro delegado da área de Alcaldía; Promoción Económica e Emprego; Fondos Europeos; Participación e Atención Cidadá; Organización Interna e Contratación.

Vocais:

Dona Ana Elisa Quindós Lindín; xefa de servizo de Contratación; don Ricardo Aldrey Rey, concelleiro delegado da área que propuxo a contratación (Deportes); dona Ana M.^a Vázquez Fernández, directora da asesoría xurídica; dona Rosario Vázquez Fernández, interventora municipal e don Joaquín Martínez Cubero, xefe de servizo da área que propuxo a contratación (Deportes)

Secretario/a

Dona Flor Maceiras Pérez, xefa de negociado do servizo de Contratación.

A Presidencia da por iniciado o acto.

ORDE DO DÍA**1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (celebrada en data 08/04/2024)**

Se aproba co voto favorable dos membros asistentes con dereito a voto que participaron na sesión anterior.

2.- Apertura, en acto público, do arquivo-sobre electrónico 2 “Oferta de criterios avaliábles mediante un xuízo de valor” (Estudo previo e memoria metodolóxica). Adopción dos acordos que

procedan.

O presente acto ten por obxecto proceder coa apertura pública dos arquivos electrónicos presentados no sobre nº 2, para o expediente de referencia. Polo tanto, se incorpora á sesión o interesado en presencialo; a quen se lle deu conta do procedemento seguido e da única oferta presentada e de que a concorrente resultou inicialmente admitidas.

Sen preguntas, se procede coa apertura electrónica do sobre 2, resultando como segue:

SOBRE 2	
(UTE) MONTERO PARAPAR ARQUITECTOS- PROYFE, SL	Se accede ao contido do arquivo, <u>que queda pendente de revisión e informe técnico</u> , que contén a oferta técnica presentada pola concorrente

Rematado o acto público, o asistente abandona a sesión; a Mesa de Contratación Permanente, co voto favorable de todos os membros asistentes con dereito a voto, acordou:

- Remitir a oferta contida no arquivo-sobre electrónico nº 2 a revisión e informe; solicitando da técnica municipal:
 - Estudar pormenorizadamente a proposta técnica presentada polo único licitador concorrente no SOBRE nº 2 e, tras verificar o cumprimento dos requisitos mínimos establecidos no prego de prescricions técnicas, examinar a súa calidade, valor técnico e demais aspectos e elementos cualitativos descritos no apartado 15 do Anexo I do PCAP que rexe na licitación.
 - Elaborar un informe detallado de ponderación de criterios non avaliábeis en cifras ou porcentaxes, que se incorporara a acta da Mesa que corresponda.

Remata a sesión. De todo o que, eu, secretaria DOU FE.

DILIXENCIA: Unha vez aprobada a presente ACTA, na sesión da Mesa de Contratación Permanente celebrada en data 06/05/2024; asinan dixitalmente o Presidente e a secretaria na data que consta na sinatura dixital.